

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG12I284	<i>Expediente</i> CON/62/2018	<i>Fecha</i> 21-11-18 14:16

Número 26 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto básico e de execución do edificio multiusos en Lavacolla; gasto e apertura do procedemento de adxudicación.

*Destinatario*

15078DCMG12I284Q



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 16 de novembro de 2018, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

**26 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL, MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DO EDIFICIO MULTIUSOS EN LAVACOLLA; GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial, de data 15.novembro.2018.

Así como dos seguintes informes:

- do xefe de sección de Contratación, de 15.11.18, e
- de Intervención nº. 758/2018, favorable con observacións, de 13.novembro.2018, da xefe de sección co conforme do interventor.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Rafael Peña Vidal**, concelleiro delegado de medio rural, mantemento e obras para o equilibrio territorial, consonte aos termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG12I284	<i>Expediente</i> CON/62/2018	<i>Fecha</i> 21-11-18 14:16

contratos do sector público, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

**EXPÓN:**

Con data 5 de marzo de 2018, a Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobou o proxecto de "Execución do proxecto básico e de execución do edificio multiusos en Lavacolla. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018".

Con data 14 de xuño de 2018, o xefe de servizo de obras e proxectos emitíu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia da necesidade e idoneidade da súa contratación.

Con data 31 de agosto seguinte, esta concellería delegada, formulou proposta de inicio do expediente de contratación por procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria.

Ese mesmo día, a concelleira delegada de economía, facenda e administración resolveu iniciar o expediente proposto, ó que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, así como o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase este ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.

Finalmente, xa o día 31 de outubro, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de contratación, que conta coa conformidade da asesoría xurídica municipal, que conclúe que "o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 116 da LCSP polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dítase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación".

Polo tanto, e considerando a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e as argumentacións recollidas no anteriormente mencionado informe do departamento de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG121284	<i>Expediente</i> CON/62/2018	<i>Fecha</i> 21-11-18 14:16

### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Primeiro: Aprobar o proxecto básico e de execución do edificio multiusos en Lavacolla, que incorpora nesta nova redacción a emenda dos erros materiais apreciados tras a súa primeira aprobación por esta Xunta de Goberno en sesión do pasado 5 de marzo de 2018.

Segundo: Que, unha vez completado co certificado de existencia de crédito, acorde a aprobación do expediente denominado **Execución do proxecto básico e de execución do edificio multiusos en Lavacolla. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018"**, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento **aberto simplificado**, establecéndose un tipo de licitación de **258.119,16 euros IVE** aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 54.205,02 euros.

Este expediente tramitarase como anticipado de gasto (D.A. 3ª.2 LCSP) xa que a súa execución material iniciárase no vindeiro exercicio orzamentario, quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión no mesmo."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Primeiro: Aprobar o proxecto básico e de execución do edificio multiusos en Lavacolla, que incorpora nesta nova redacción a emenda dos erros materiais apreciados tras a súa primeira aprobación por esta Xunta de Goberno en sesión do pasado 5 de marzo de 2018.

Segundo: Unha vez completado co certificado de existencia de crédito, aprobar o expediente denominado "execución do proxecto básico e de execución do edificio multiusos en Lavacolla. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018", así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG12I284	<i>Expediente</i> CON/62/2018	<i>Fecha</i> 21-11-18 14:16

simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 258.119,16 euros IVE aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 54.205,02 euros.

Este expediente tramitarase como anticipado de gasto (D.A. 3<sup>a</sup>.2 LCSP) xa que a súa execución material iniciárase no vindeiro exercicio orzamentario, quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión no mesmo.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO**

**Asdo: Xan Xesús Duro Fernández**